
MEMORIA 2018



ASOCIACIÓN RAIOLAS- LUGO

G-27255991



982 21 45 04 – 638 03 03 16 / 608 89 44 78



raiolaslugo@gmail.com



www.raiolas.org



Raiolas Lugo



@raiolaslugo



ÍNDICE

1. ASOCIACIÓN RAIOLAS	3
A. HISTORIA.....	3
B. MISIÓN	4
C. VISIÓN.....	4
D. VALORES.....	4
E. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA	5
2. QUE FACEMOS?	8
2.1 ÁREAS DE TRABAJO.....	8
2.2 TALLERES.....	13
2.3 ACCIÓNS FORMATIVAS IMPARTIDAS POLO EQUIPO TÉCNICO.....	16
2.4 ACCIÓNS FORMATIVAS RECIBIDAS POLO EQUIPO TÉCNICO.....	18
2.5 ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE.....	19
2.6 ACTOS BENÉFICOS	27
2.7 ACTOS CONMEMORATIVOS.....	30
3. LUGO FALA	34
4. LOCAL ÚNICO DE RAIOLAS	35
5. ÁREA ECONÓMICA	37
5.1 FONTES DE FINANCIACIÓN	37



ASOCIACIÓN RAIOLAS – LUGO

MEMORIA ANUAL 2018

1. ASOCIACIÓN RAIOLAS

A. HISTORIA

A asociación Raiolas-Lugo é unha asociación sen ánimo de lucro que nace no ano 2000 como unha asociación de pais e nais de persoas con Trastorno do Espectro Autista (en diante, TEA) ou trastornos da comunicación social (en diante, TCS) e por persoas con TEA ou TCS.

Constitúese na cidade de Lugo o 29 de Marzo do ano 2000 tal e como consta na súa acta Fundacional. Presentándose como Asociación o día 30 de marzo. Posteriormente elabóranse os Estatutos, que foron presentados na Consellería da Presidencia con data de Rexistro de Entrada do 18 de maio de 2000.

Raiolas ten a súa sede social na cidade de Lugo e o seu ámbito de actuación abarca a totalidade da provincia lucense.

Ata o ano 2002, ante a falta de servizos na provincia de Lugo, as familias víanse obrigadas a desprazarse fóra dela. Desde o momento no que se crea a Asociación, o obxectivo principal foi poñer en marcha o servizo de apoio especializado na provincia, para persoas con TEA, hoxe convertido nun servizo psicopedagóxico e de logopedia.

Poden ser socios da Asociación os pais/nais ou titores legais de persoas con TEA ou TCS (socios numerarios) e calquera persoa ou entidade que desexe colaborar (socios colaboradores). Actualmente, tras o cambio nos estatutos da Asociación levados a cabo na Asemblea anual de socios do día 18 de marzo de 2017, tamén poden ser socios numerarios, as propias persoas con TEA que sexan maiores de idade.



B. MISIÓN

A misión da Asociación é mellorar a calidade de vida e a rede de servizos para as persoas con TEA ou TCS e as súas familias, procurando a plena integración familiar e social, procurando:

- A sensibilización da sociedade e dos profesionais do campo educativo, sanitario e social, sobre a dimensión e impacto socio-familiar das persoas con TEA e/ou TCS.
- Facilitar o acceso das familias á rede social, á información, a orientación e o asesoramento de todos os aspectos relacionados co trastorno.
- Promover recursos que favorezan a autonomía persoal e funcional da persoa con TEA e a súa familia.
- Apoiar e axudar ás familias.
- Facilitar o encontro e intercambio de experiencias entre as familias.
- Difundir a necesidade dun diagnóstico preciso para unha mellor intervención.
- Que as familias se sintan parte da Asociación, que a fagan súa.

C. VISIÓN


A Asociación Raiolas -Lugo quere ser unha entidade capaz de responder con eficacia ás necesidades cambiantes das persoas con TEA e/ou TCS e das súas familias, ser un referente na provincia de Lugo na atención das persoas con este trastorno, e dos seus familiares.

D. VALORES

- Dereito a ser diferentes (non se trata de ter dereito a ser iguais, senón de ter igual dereito a ser diferentes)
- Compromiso (implicación de todas as persoas que forman parte da Asociación)

- Calidade (mellora continua no servizo)

E. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA



- A **Asemblea Xeral** está formada por todas as familias socias e representa o máximo órgano de goberno da asociación. A asemblea reúnese cunha periodicidade anual, e de forma excepcional cando a Xunta Directiva considera necesario. No ano 2018, tivo lugar unha reunión, concretamente o 24 de marzo. Nesta reunión aprobouse a memoria de actividades, as contas do ano 2017 e o presuposto para o 2018.
- A **Xunta directiva** é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación, de acordo coas disposicións e directrices establecidas pola Asemblea Xeral. É elixida mediante asembleas xerais polos socios da entidade.



O seu obxectivo é levar adiante un proxecto común que garanta o bo funcionamento da asociación en todos os aspectos. Por si mesma, e a través de xuntanzas periódicas co Equipo de técnicos, leva a cabo a labor directiva en prol da adquisición e consolidación de acción encamiñadas a acadar os fins e actividades da asociación.

XUNTA DIRECTIVA 2018

Presidenta: M^a Inés Flores Lozano

Secretario: Juan Gonzalo Díaz Rouco

Tesoureira: Mónica Vázquez Fandiño

Vogal: Javier Luaces Maira

Vogal: Carmen María Lomba Gómez

- **Equipo técnico.** A Asociación Raiolas conta con profesionais de recoñecido prestixio no campo do Trastorno do Espectro Austista e no Trastorno da Comunicación Social.

O seu cometido é proporcionar ás persoas con estes trastornos e ás súas familias:

- Pautas de orientación
- Desenvolvemento de habilidades conductuais, sociais e comunicativas
- Habilidades no xogo
- Habilidade para a máxima autonomía
- Desenvolvemento de habilidades académicas e seguimento escolar
- Ocio e outras actividades ...

Coa finalidade de conseguir a **mellora na calidade de vida** e acadar unha **plena integración social e familiar** das persoas con TEA e/ou TCS e as súas familias.

EQUIPO TÉCNICO

Psicóloga: Ana López Méndez e Elena Iglesias García

Psicopedagoga: M^a Teresa López Prado e Ana María García Gómez

Logopeda: Patricia Garrido Rama, Tania Lago Loyo e María Cruz Crespo García

Traballadora Social: Natalia Taboada Touzón

Terapeuta ocupacional: Rocío Ferreira Marante

Mestre/a : Miguel Castuera Guerrero e Alba Fernández Braña

A Asociación Raiolas- Lugo é membro de



Así mesmo, está inscrita no:

- Rexistro Provincial de Asociación (Xunta de Galicia): nº 2000/002292
- Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (Xunta de Galicia): nº E-5848
- Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia (Xunta de Galicia): nº FM 505 A
- Rexistro de Asociacións do Concello de Lugo: nº 168
- Integrante do Consello Asesor de Pacientes da Consellaría de Sanidade. Xunta de Galicia. 2011

Raiolas foi declarada Asociación de Utilidade Pública pola Xunta de Galicia no ano 2011.

2. QUE FACEMOS?

2.1 ÁREAS DE TRABALLO

❖ PSICOLOXÍA

A intervención nesta área parte dun programa individualizado onde, en función das necesidades de cada persoa con TEA/ TCS, trabállanse diferentes obxectivos relacionados coas distintas áreas de desenvolvemento: habilidades sociais, problemas de conduta, xogo, habilidades de autonomía, comunicación e linguaxe, estimulación cognitiva, autocontrol, motivación...

Durante a intervención favorécese a coordinación e cooperación coas familias e cos Centros Educativos e/ou outros profesionais.

Os nosos obxectivos van orientados a dar apoio ás familias, aos nenos, adolescentes e adultos con TEA/ TCS, e aos centros educativos e outras institucións ou profesionais relacionados coa contorna familiar, social e educativo da persoa.

❖ PSICOPEDAGOXÍA

A intervención psicopedagóxica que se leva a cabo na Asociación Raiolas Lugo, é unha intervención baseada na persoa e axustada aos seus intereses e capacidades, fomentando o desenvolvemento de habilidades conductuales, sociais, afectivas, comunicativas, cognitivas, de xogo, académicas e laborais. Tamén, o desenvolvemento das habilidades para a vida diaria, a autonomía e o lecer.

Ademais de en a persoa, céntrase na contorna, no medio social e afectivo onde se desenvolve e teno en conta como un elemento importante no proceso. A intervención inclúe o traballo colaborativo coa familia, o centro escolar e outros profesionais; dando información, orientación e asesoramento, ademais de pautas e materiais.

As sesións de psicopedagogía están dedicadas á mellora da calidade de vida das persoas con TEA/ TCS e as súas familias, favorecendo a máxima satisfacción e funcionalidade no ámbito socio-familiar e académico-laboral, mellorando as competencias persoais, sociais, afectivas, académicas e laborais.

As sesións son individuais e/ou en grupo e trabállase segundo as necesidades concretas de cada caso. A intervención baséase na motivación, o reforzo positivo e a autoestima, seguindo os obxectivos, metodoloxía e enfoque de boas prácticas.

❖ LOGOPEDIA

O programa de atención logopédica da Asociación Raiolas-Lugo é un programa dirixido a persoas con Trastorno de Espectro do Autismo (TEA) ou Trastorno da comunicación social (TCS). Por iso, o logopeda promove a mellora na calidade de vida das persoas con TEA/ TCS e as súas familias, avalía a linguaxe e a comunicación, determina os obxectivos de traballo en cada caso e establece actividades axustadas ás necesidades expostas. Todo iso a través dun “Rexistro de intervención”, no que o logopeda establece os obxectivos de cada curso, asociando a cada un deles estratexias de actuación e materiais de traballo.

De forma trimestral, realízase un seguimento dos obxectivos e ao rematar o curso, unha avaliación final dos mesmos. O logopeda informa á familia dos obxectivos establecidos, así como da súa evolución durante o curso a través de reunións periódicas. Así mesmo, o logopeda realiza reunións cos centros educativos e outros profesionais co fin de realizar un traballo multidisciplinar efectivo e garantindo desta forma, a xeneralización dos contidos.

Incorpórase á área de logopedia o “Programa para o desenvolvemento de habilidades pragmáticas” que ten como obxectivo principal, proporcionar e/ou ampliar a través dos seus talleres o repertorio de habilidades pragmáticas adaptadas ao contexto, fomentar a súa xeneralización e uso de forma funcional no día a día da persoa con TEA/ TCS.

❖ TERAPIA OCUPACIONAL

Desde os principios que cimentan a disciplina, o obxectivo da terapia ocupacional é lograr a independencia, autonomía e empoderamiento das persoas, a través da ocupación. Seguindo a clasificación realizada pola American Occupational Therapy Association (AOTA), podemos agrupar as ocupacións en grandes áreas: actividades básicas da vida diaria (AVD), actividades instrumentais da vida diaria (AIVD), descanso e soño, educación, traballo, xogo, lecer e tempo libre e participación social (2014).

Para un desenvolvemento e funcionamento adecuado debe existir un certo equilibrio entre estas áreas de desempeño, cando se produce un desequilibrio ocupacional, é cando unha persoa é susceptible de beneficiarse da intervención de terapia ocupacional (Rey-Igrexas, Alonso- Cadavid, & Cerviño-Carro, 2018).

Desde esta visión como disciplina é fundamental realizar un traballo en equipo inter/transdisciplinar con outros/ as profesionais que permita achegar diferentes puntos de vista e potencialidades, construíndo unha base sólida que sustente a intervención e facilite a comunicación cos diferentes actores que loitan pola equidade e a inclusión social do colectivo das persoas con TEA e TCS, as súas familias, comunidades e a cohesión social da cidadanía.

❖ **TRABALLO SOCIAL**

“O traballo social é unha profesión baseada na práctica e unha disciplina académica que promove o cambio e o desenvolvemento social, a cohesión social e o fortalecemento e a liberación das persoas. Os principios da xustiza social, os dereitos humanos, a responsabilidade colectiva e o respecto á diversidade son fundamentais para o traballo social. Apoiado polas teorías do traballo social, as ciencias sociais, as humanidades e os coñecementos indíxenas, o traballo social involucra ás persoas e as estruturas para facer fronte a desafíos da vida e aumentar o benestar.”

As principais funcións realizadas desde a área de traballo social son:

- Outorgar apoio e asesoramento aos socios/ as e as súas familias.
- Facilitar información sobre a Asociación Raiolas Lugo a toda persoa interesada.
- Coordinación con outras entidades e organismos, públicos e privados.
- Xestión de actividades lúdicas, terapéuticas e de captación de socios.
- Tramitación de axudas e subvencións.
- Xestión dos recursos, adaptándoos ás necesidades dos socios e socias.
- Planificación, xestión e execución de proxectos e prestacións destinadas a Raiolas.
- Traballo coas familias.

- Participación en charlas, xornadas, seminarios, etc.

❖ EDUCACIÓN

Desde o ámbito educativo trabállase con este colectivo con TEA/ TCS co propósito de adquirir todas as habilidades necesarias para o seu desenvolvemento persoal, social e laboral. É dicir que reciban unha educación plena e integral. Na Asociación Raiolas centrámonos nas necesidades de cada usuario para traballar aqueles aspectos onde necesitan maior axuda sendo sempre o obxectivo final que reciba cada un deles unha educación integral. Normalmente os usuarios cos que traballa o mestre/a na asociación son alumnos que necesitan principalmente apoio escolar e é o máis demandado na mesma. Aquí o papel do mestre será o de atopar aqueles aspectos educativos onde o discente necesita maior apoio e reforzalos. Outra das funcións desde o taller de apoio escolar é atopar os puntos fortes do alumno e potencialos co fin de que adquira a máxima competencia posible naqueles aspectos que lle resultan máis fáciles ou que executa con maior destreza. Desde o ámbito educativo trabállase con este colectivo co propósito de adquirir todas as habilidades necesarias para o seu desenvolvemento persoal, social e laboral.

❖ GRUPO DE APOIO SOCIAL ADULTOS

A vida adulta expón retos significativos para calquera persoa. En xeral, implica novas vivencias no ámbito formativo, laboral ou persoal, e tamén intereses que ata o momento a persoa pode non experimentar, como a vida independente, o desenvolvemento profesional ou o establecemento de relacións interpersoais significativas. As esixencias e demandas da contorna tamén se fan máis intensas e complexas, facendo especialmente importante que a persoa dispoña de adecuadas competencias sociais e adaptativas, que lle permitan afrontar con éxito estas situacións e conseguir as metas vitais que se expoña. Neste sentido, as persoas adultas con TEA e TCS atópanse con dificultades para integrarse socialmente e poder dar resposta ás demandas crecentes da contorna xa que as súas barreiras na área da comunicación e interacción social dificultan unha adecuada adaptación. É por iso, necesario a existencia deste grupo, xa que ofrece apoios especializados en superar as devanditas barreiras. A través do grupo de apoio social



promóvense as habilidades necesarias para o manexo da vida diaria, e facilítanse espazos seguros de interacción nos que os participantes poden compartir as súas preocupacións e intereses, e xerar relacións de apoio mutuo.

As intervencións que levan a cabo son grupales, unha vez á semana cunha hora e media de duración, alternando con algunha sesión individual de apoio aos participantes sempre que as circunstancias así o requiran. A metodoloxía empregada varía en función das necesidades do grupo e o obxectivo ao que estea enfocada a sesión grupal concreta. Utilízanse tanto Técnicas de Modificación de Conduta, como son o modelado, role playing, autoinstrucciones, parada de pensamento etc. como outras técnicas máis centradas na parte cognitiva e emocional, como é a Reestruturación Cognitiva, encamiñada a cambiar esquemas mentais erróneos que xeran malestar psicoemocional e baixa autoestima. Ademais trabállase sempre desde o punto de vista máis experiencial e práctico posible, é por iso que se inclúen como actividades habituais as saídas en grupo e outras prácticas fose do centro como ceas, cafés etc. destinadas a fortalecer o vínculo entre os membros e outros obxectivos sociais. Todo iso encadrado na metodoloxía xeral e os principios de intervención que establece a asociación e anteriormente explicados

2.2 TALLERES

- TALLER DE IRMÁNS E IRMÁS

Espazo de intercambio con irmás, irmáns e curmás e curmáns en situacións familiares semellantes.



- TALLER DE COCIÑA

Este taller ensina habilidades culinarias e hábitos de vida saudables. A súa utilidade reside en ofrecer a oportunidade de lograr a máxima autonomía persoal e traballar as actividades da vida diaria básicas e instrumentais. Lévese a cabo todos os mércores nos seguintes horarios:

Grupo I :16:00h a 17:30h

Grupo II: 17:30h a 19:00h



- **TALLER DE PSCIOMOTRICIDADE,**

Este taller lévase a cabo con periodicidade semanal, os venres nos seguintes horarios:

Grupo I: 16:30 a 17:30h

Grupo II: 17:30 a 18:30h



- **TALLER DE PRIMERIOS AUXILIOS E PREVENCIÓN DE ACCIDENTES** Periodicidade mensual (impartidas ata o momento 2 sesións)

Destinado a maiores de 7 anos



- TALLER DE XESTIÓN DE EMOCIÓNS

Taller de frecuencia quincenal para pais e nais, en horario de 19:30h a 20:30h.

- TALLER DE SEXUALIDADE

Este taller lévase a cabo con frecuencia mensual a país e nais de usuarios/as da asociación, en horario de 19:30 a 20:30h.

- ESCOLA DE FAMILIAS

Actividades formativas sobre diferentes temáticas, orientadas á formación e asesoramento das familias de persoas con TEA/TCS da asociación.

- ✓ **“AUTODETERMINACIÓN Y EMPODERAMIENTO DE LAS PERSONAS CON TEA/TCS. QUIERO DECIDIR”**, impartida por Fausto Rey. (27 de outubro)



NOVA SESIÓN DA ESCOLA DE FAMILIAS

Tema: "Autodeterminación e empoderamento das persoas con TEA/
TCS. Quero decidir"

Relator: Fausto García Rey
Psicólogo. Director Técnico do Servizo de Adultos da Asociación BATA.

Terá lugar o sábado 27 de outubro, de 10:30 a 13:30h
No novo local de Raiolas: Músico Falla, 21



2.3 ACCIÓNS FORMATIVAS IMPARTIDAS POLO EQUIPO TÉCNICO

- IES Quiroga (Lugo). Charla informativa sobre comunicación e linguaxe nos Trastornos do Espectro Autista e Trastornos da Comunicación Social. Impartido por M^a Cruz Crespo (11 de xaneiro de 2018).
- CPR Padres Escolapios (Monforte de Lemos). Charla sobre a Intervención Educativa nos Trastornos do Espectro Autista (24 de xaneiro de 2018).
- Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) de Lugo. Curso sobre “Detección y Diagnóstico de TEA (Buenas Prácticas)”, cunha duración de 10 horas lectivas (modalidade presencial ou distancia). Impartido por Ana López (26 de febrero de 2018)
- CEIP Luis Pimentel (Lugo), organizado pola ANPA. Charla sobre detección temperá do Trastorno do Espectro Autista. Impartido por Ana María García e María José Martínez (21 de marzo de 2018).
- IES A Pinguela (Monforte de Lemos). Charla “O trastorno do espectro autista” dirixida ao alumando do FP Superior de Desenvolvemento de Aplicacións Web. (16 de abril de 2018)
- IES Terra Chá (Castro Riberas de Lea). Charla sobre o Trastorno de Espectro Autista. Impartida por Javier y Ana López. (27 de abril de 2018)



- IES Enrique Murais (A Pontenova). Charla informativa sobre o Síndrome de Asperger destinada ao alumnado de 3º ESO. Impartida por Ana López. (9 de mayo de 2018)



CHARLAS INFORMATIVAS IMPARTIDAS POR FAMILIAS

- IES Sanxillao (Lugo). Charla de sensibilización ao alumnado de 1º ESO por parte de MªJosé e Javier (pais de Hugo, usuario da asociación). (3 de abril de 2018)

XORNADAS DE EDUCACIÓN INCLUSIVA (Santiago de Compostela, 17 de marzo)





2.4 ACCIÓNS FORMATIVAS RECIBIDAS POLO EQUIPO TÉCNICO

XORNADA FORMATIVA “CLAVES PARA INCORPORAR A PERSPECTIVA DE XÉNERO NAS ASOCIACIÓNS” (15 de novembro). Obradoiro organizado pola Área de Igualdade do Concello de Lugo no Centro Sociocultural Uxío Novoneyra.



2.5 ACTIVIDADES DE OCIO E TEMPO LIBRE

TALLERES AKÍ

- Taller de Decoración de Máscaras de Entroido. (9 de febreiro de 2018)



- Taller de creación dun boneco “crece-pelo” (13 de abril de 2018)



- Taller de creación de casco de Gladiador para Arde Lucus. (8 xuño de 2018)



EXCURSIÓN MONFORTE DE LEMOS para gozar do entroido, así como da paisaxe e dos monumentos do concello. (10 de febreiro de 2018)



FESTA CELEBRACIÓN ENTROIDO. Para dar a benvida a esta tradicional festividade, organizouse unha festa para celebrar o entroido, contando con diferentes actividades e disfraces. (12 de febreiro de 2018)



ACTIVIDADE BUCEO. A Asociación “Al agua sin limitaciones” invita a Raiolas a realizar un “bautismo de mergullo”. A actividade desenvolveuse na piscina municipal de Friga o 3 de marzo de 2018.



VISITA AO AERÓDROMO DE ROZAS e AO MUSEO ARQUEOLÓXICO DO CASTRO DE VILADONGA (Castro de Rei, Lugo) (16 de marzo de 2018)



VISITA AO MUSEO ARQUEOLÓXICO DO CASTRO DE VILADONGA (Castro de Rei, Lugo) (27 de marzo de 2018)



CAMPAMENTO URBÁN DE VERÁN

- **Do 2 ao 6 de xullo:** grupo de 2 a 10 anos. As actividades realizadas consistiron na elaboración dunha serpe de pompas de xabón, globos antiestrés, ping pong, tiro con arco, visita ao Clube Hípico Equus, entre outros.



- **Do 9 ao 13 de xullo:** grupo de 10 a 15 anos. Entre outras actividades realizáronse xogos de mesa, pelotas antiestrés, guerra de globos de auga, piscina e paintball.



- **Do 16 ao 20 de xullo:** grupo rapaces e rapazas maiores de 15 anos. Realizaron diferentes actividades como a elaboración dun pau de choiva e baloncesto e visita ao Frente L.A. Santuario Animal en Vilalba.



FESTIVAL “VOCES DE MULLER”, organizado pola Asociación Mulleres Empresarias de Lugo (28 setembro)



“TEAtralizando o camiño”. Actividade levada a cabo grazas á axuda económica que nos concede a Deputación de Lugo. Xestionado polo Grupo Vitae, fixemos un tramo antigo do camiño de Santiago onde descubrimos muíños antigos e as ruínas dun mosteiro (20 de outubro)



FESTA DO SAMAÍN (31 de outubro)**VISITA Á EXPOSICIÓN ITINERANTE DE REPSOL RACING TOUR (15 de novembro)**

Este día tivemos a oportunidade de visitar a exposición itinerante de Repsol Racing Tour, exposta na praza de Augas Férreas. Alí os usuarios e usuarias puideron ver a equipación deportiva de algúns pilotos e mesmo a moto de Marc Márquez. Ademáis, puideron participar nunha carreira con minimotos.



FESTA DE NADAL (21 de decembro)



OCIOTECA DE NADAL

Durante as vacacións de Nadal leváronse a cabo unha serie de actividades destinadas a complementar o traballo que se realiza diariamente diariamente con cada persoa.

- **Grupo I** (maiores de 15 anos): Mércores 26 de decembro, en horario de 11:30h a 13:30h. Visita á exposición “Héroes ocultos. Inventos geniales, objetos cotidianos”, organizada por Obra Social La Caixa.
- **Grupo II:** (11 a 14 anos).Xoves 27 de decembro, en horario de 10:00h a 12:00h. Taller de Wii (Xogos Olímpicos de Inverno)

Durante esta xornada contamos coa visita do Club de Baloncesto Cafés Candelas Breogán, visita aberta a todas as familias da Asociación.


- **Grupo III.** En horario de 10:00h a 12:00h nenos/as con idades comprendidas entre os 8 e 10 anos; e en horario de 12:00h a 13:30h, os nenos/as ata 7 anos. Durante esta xornada fixemos actividades tales como bingo navideño, guerra de bolas de neve e Wii (Xogos Olímpicos de Inverno).

2.6 ACTOS BENÉFICOS

II CAMPEONATO BENÉFICO DE TUTE, a favor da Asociación Raiolas (29 de abril)



IX TORNEO BENÉFICO RAIOLAS AUTISMO LUGO, no club de Golf de Lugo (16 setembro)





MERCADO DIVERSIARTE 2018. Como todos os anos celébrase o mercado solidario no que participan diversas asociación da cidade de Lugo poñendo stands informativos e venda de produtos navideños. Isto tivo lugar os días 12, 13 e 14 de decembro na carpa instalada na praza Anxo Fernández Gómez, situada detrás do Concello.



PRESENTACIÓN CALENDARIO SOLIDARIO 2019 (4 de decembro)

O 4 de decembro ás 19:00h no Salón de Actos dá Excma. Deputación de Lugo tivo lugar a presentación do calendario solidario de Raiolas - Lugo.



PUNTOS DE VENDA DO CALENDARIO

- 22/12: PAZO DE DEPORTES DE LUGO, durante o partido do CAFÉS CANDELAS BREOGÁN
- 22/12: ESTADIO ANXO CARRO, durante o partido do CD LUGO
- 29/11, AKÍ, situado no CC AS TERMAS



EXPOSICIÓN ARTÍSTICA RAIOLAS

Exposición formada por obras doadas polos seguintes artistas para recadar fondos para a Asociación:

Quique Bordel, Miguel Anxo Macía, Quique Muruais, Manuel Carreira, Juan Prada, Julio Gesto, Manuel Carballeira, Luisa Paz Montenegro, Conchita Montenegro, Jorge Espiral, Ali Minguillón, Mastroianni, Ángeles Torrens, Carmen Abuín, Elba López, Margot Liñeira, Ricardo Fernández, Leandro Barea, Inés Flores, Ana M^a Rodríguez e Manuel Cardeiro.

- Casa da cultura de Vilalba (do 3 ao 28 de decembro) Inauguración da exposición.



2.7 ACTOS CONMEMORATIVOS

DÍA INTERNACIONAL DA SÍNDROME DE ASPERGER (18 de febreiro)



DÍA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO (2 de abril)

Esta xornada desenvolveuse na Praza Maior de Lugo, de 17 a 19:30h. Levouse a cabo un Taller de decoración de galletas, Concurso de debuxo, dinámica “Ponte en mi lugar”, Photocall e mesas informativas.



EXPOSICIÓN ITINERANTE FOTOGRAFÍAS

- Deputación Provincial de Lugo (2 ao 6 de abril). Con motivo do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo, levouse a cabo a inauguración da Exposición Itinerante de Fotografía de Raiolas na Deputación Provincial de Lugo. Esta mostra está formada por fotografías realizadas por usuarios e usuarias da Asociación que amosan diferentes momentos da vida cotiá e de ocio visibilizando e desestigmatizando o concepto social do autismo.

As paradas desta exposición foron as seguintes:

- Biblioteca Pública de Lugo (10 ao 30 de abril)
- Facultade de Formación do Profesorado Lugo (USC) (Durante o mes de maio)
- Edificio administrativo da Xunta de Galicia (4 ao 14 de xuño)
- Centro Comercial As Termas. (Todo o mes de xullo)



DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE (3 de decembro)

O día 3 de decembro, a Asociación estivo presente na lectura do manifesto que conmemora tal día xunto con outras asociación que día a día loitan pola inclusión plena destas persoas.



DÍA INTERNACIONAL DO VOLUNTARIADO (5 de decembro)

A Asociación Raiolas participou nas xornadas organizadas pola Rede Lucense Voluntariado dentro da conmemoración do Día Internacional do Voluntariado, levadas a cabo na Plaza de Abastos de Lugo, onde puidemos compartir a tarde con outras asociación e gozar de actividades inclusivas.



3. LUGO FALA

“LUGO FALA” é unha iniciativa que xorde desde a Asociación Raiolas Autismo– Lugo, que consiste en sinalizar mediante pictogramas (representacións gráficas sinxelas) os lugares máis frecuentados da nosa cidade (extensible á provincia), coa finalidade de que Lugo se converta nun entorno máis accesible contribuíndo así a mellorar a calidade de vida das persoas cun Trastorno do Espectro Autista (TEA). Todo isto foi posible grazas á colaboración da Deputación Provincial de Lugo e do Portal Aragonés da Comunicación Aumentativa e Alternativa (ARASAAC).

PRESENTACIÓN DO VÍDEO REALIZADO PARA A CADEA BRITÁNICA BBC NO QUE SE RECOLLE A INICIATIVA LUGO FALA, QUE SE PRESENTOU NO ACTO “EUROPEAN DAY OF PERSONS WITH DISABILITIES. ACCESS CITY AWARD 2019” DA COMISIÓN EUROPEA (Bruxelas,4 de decembro), ao que acode a presidenta da asociación Raiolas, Inés Flores Lozano



Inés Flores: «Queremos extender y normalizar los pictogramas como lenguaje»

La asociación de apoyo a personas con autismo recibió el reconocimiento de la Comisión Europea por romper barreras de comunicación

4. LOCAL ÚNICO DE RAIOLAS

- Convenio coa Deputación Provincial para o arranxo do novo local de Raiolas (21 de febreiro)



- Donación da empresa FINANCIERA MADERERA S.A FINSA de tarima flotante, mantas e zócalo necesario para reformar o novo local. (1 de marzo)



- INAUGURACIÓN DO LOCAL ÚNICO (15 de decembro)





5. ÁREA ECONÓMICA

5.1 FONTES DE FINANCIACIÓN

- Subvención “BEN EMPREGADO” EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, para a contratación durante un ano dunha Traballadora Social (maio de 2018)
- Subvención “PROGRAMAS DE COOPERACIÓN PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO” da Xunta de Galicia, para a contratación durante un ano dunha Terapeuta Ocupacional (xaneiro de 2018)
- Subvención “PROGRAMAS DE COOPERACIÓN PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO. GARANTÍA XUVENIL”. Xunta de Galicia, para a contratación dunha mestra durante un período de 7 meses. (Outubro de 2018)
- Subvención nominativa EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Programa “ATENCIÓN AMBULATORIA” (2018)
- Subvención nominativa CONCELLO DE LUGO. Programa “ESCOLA DE FAMILIAS” (2018)
- Axudas PIR ONCE para sufragar parte dos gastos derivados da “REFORMA E EQUIPAMENTO PARA SERVIZO DE FOMENTO DA AUTONOMÍA PERSOAL”.
- Subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2018. EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.
- Subvencións destinadas a entidades do terceiro sector, PROGRAMA TECENDO EMPREGO. EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.
- Subvencións destinadas a realizar programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas. Xunta de Galicia (2018)